

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

ASUNTO: Corrección erro aritmético da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019 (3ª Fase).

Por resolución da Concellería-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 01 de agosto de 2023, incluída no expediente 41019/220, resolveuse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019 (3ª Fase).

Detectado erro no punto sexto da súa parte resolutiva, en concreto na data de exame da praza de Enxeñeira/o técnica/o forestal no que, como data de exame estableceuse a data 28/09/2022 en lugar da 28/09/2023, que sería a correcta, de conformidade co previsto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) que establece que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, tanto de oficio como a instancia de parte, os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus propios actos, procede rectificar a mencionada resolución.

En consecuencia, vistas as competencias recollidas no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local; vistas as Bases Xerais reitoras dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 e vistas resolucions da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023, así como a habilitación á Sra. concelleira-delegada competente en materia de persoal acordado pola Xunta de Goberno Local de 08/06/2023, propónse a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

“Primeiro.- Proceder a rectificación do punto sexto da parte resolutiva da resolución da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 01 de agosto de 2023, concretamente onde dí: “ **Enxeñeira/o técnica/o forestal:** Aula de Formación da Policía local, sita no andar -1 do Concello de Vigo, o xoves 28/09/2022 ás 11:00 h.” debe dicir: “ **Enxeñeira/o técnico/o forestal:** Aula de Formación da Policía local, sita no andar -1 do Concello de Vigo, o xoves 28/09/2023 ás 11:00 h. ”, mantendo vixente o resto da resolución, de conformidade co previsto no artigo 109.2 da LPACAP.

Segundo.- Que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á notificación da resolución aos membros do órgano de selección afectado e a publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web municipal (www.vigo.org), da presente resolución, que contén relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria.”

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da publicación do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/08/2023 08:18	Páxina 1 de 2
41019-220	CSV: AFA228-D8A82B-AA56D8-MS89QC-9TKB6N-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa..”

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O técnico de administración xeral.- Marcos Viturro Gómez

CONFORME.-

A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023)-. María Olga Alonso Suárez

DECRETO:

Logo de examinar a precedente proposta, RESOLVO de conformidade con ela.

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).- Patricia Rodríguez Calviño

DOU FE,

A Secretaria de Goberno Local.- Susana Gallardo Fariña

